

novas en  
**branco  
e negro**

Número 17 • Marzo 2004

***XIII Concurso  
Autonómico da  
Raza frisona  
Fefriga '04***

***6.000 Euros á Vaca  
Gran Campiona***

***VIII Subhasta  
TOP-BOS***

# A consolidación dun gran programa xenético

★ **LANDOI**  
(Rudolph x Merrill x Blackstar)

TOP 100 TPI  
**1<sup>er</sup> Touro Español**  
International Bulls

★ **SIX**  
(Wade x Juror x Mascot)

ICO  
**Nº1**  
Xaneiro 2004

★ **CADOS**  
(Magley x Luke x Tesk)

PROTEINA  
**Nº1**  
Xaneiro 2004

★ **MERO**  
(Patron x Lindy x Aerostar)


LEITE  
**Nº1**  
Xaneiro 2004

★ **ZARZO**  
(Storm x Astre x Cleitus)

LEITE  
**Nº2**  
Xaneiro 2004

  
**XENÉTICA FONTAO**

**galicia**  
Centro de Selección y Reproducción Animal



OUTEIRO SIX LONGA BB 81 (1<sup>o</sup> parto)  
1<sup>o</sup> lact. 389d. 16.675 Kg.L. 3.66%G. 3.10%P

AERICAL ATALAYA LANDOI s/c  
1<sup>o</sup> lact. 79d. 2.632 Kg.L. 3.50%G. 3.10%P (Lactación en curso)

para máis información visite a nosa páxina web

**>>> [www.xeneticafontao.com](http://www.xeneticafontao.com)**

Tan só unhas palabras para presentarche a nova etapa da nosa revista Novas en Branco e Negro que desde o ano 99 está asentada coma un medio de comunicación e formación entre os socios de FEFRIGA. A modernización da publicación non responde só a un cambio de imaxe, que tamén, senón que quere desde este, o seu primeiro número, ser unha ferramenta útil que contribúa á profesionalidade da nosa actividade mellorando o coñecemento de todos os factores que inciden no cada vez máis complexo mundo da gandería. Novas seccións, novos contidos e sobre todo, máis profesionalidade a través do consello de especialistas que nos asesorarán nestes e noutros campos.



Quixemos que esta nova aposta da revista de Fefriga coincidise coa gran festa da gandería de Galicia como é o Concurso Autonómico Fefriga '04 e a Subhasta Top Bos na que cada ano podemos apreciar a potencialidade da xenética de Galicia e a súa constante evolución, o que xa a día de hoxe nos converte en referente para toda España. Neste sentido aproveito para convidarvos a todos a participar nos distintos eventos que compoñen o programa na seguridade de que son de interese tanto polo potencial do gando exposto como pola rendibilidade que garante o que esta á venda.

D. José Aquilino Rodríguez López  
Presidente de Fefriga

# sumario

- Mencións honoríficas '04..... 4
- Programa Concurso Frisón..... 6
- Regulamento do XIII Concurso Autonómico Fefriga '04..... 7
- Axudas, incentivos e premios á participación..... 9
- XX Concurso de Xóvenes Manexadores..... 12
- Novas Fefriga..... 13

Editado por:

**FEDERACIÓN FRISONA GALEGA**  
R/ Melide, 25-27 - baixo  
15704 Santiago de Compostela  
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879  
+34 981 573 775  
e-mail: fefriga@fefriga.com  
Web: www.fefriga.com

Director: Francesc X. Grau  
D.L.G.: PO-187-99

**Xunta Directiva**

Presidente: José Aquilino Rodríguez López  
Vicepresidente: Francisco Manuel Penabaz Pita  
Secretario: José Ramón Pazos Fondevila  
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada  
Interventor: Luis Seoane Labandeira  
Vocals: José Manuel López Tellado  
Rafael Méndez Guerra  
Antonio Pérez Castro



Con estas distincións, a Federación Frisona Galega quere promocionar e render homenaxe a aqueles criadores que co seu esforzo, dedicación e profesionalidade, se distinguiron máis durante o ano 2003 na mellora e promoción da cabana frisona galega.

## Mellores produtoras 2003

### Primeirizas

Concédeselles este recoñecemento ás femias que no seu primeiro parto (lactación normalizada a 305 días) superaron a produción de 930 Kg de Materia Útil, (equivalente a 13.500 Kg. Leite ao 3,7 de Graxa e 3,2 de Proteína).

Nome	Gandería (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg. M.U.
LETOYA ROCHA MASON	GANDERIA ROCHA (C)	13.505	5,0	3,0	1.083
ROSA ROCHA OUTSIDE	GANDERIA ROCHA (C)	13.366	5,1	2,9	1.064
PROVENCE	CASA DO CANTEIRO (LU)	13.326	4,5	3,3	1.040
BARBARA ROCHA STORM	GANDERIA ROCHA (C)	13.746	4,8	2,7	1.032
RALLA	GAND. GOMEZ-GONZALEZ (LU)	12.452	4,9	3,3	1.023
CRISTINA ROCHA LEE	GANDERIA ROCHA (C)	12.653	4,9	3,2	1.023
DENI 297	DENILLON GANADERA S.L. (C)	15.748	3,4	3,1	1.021
RULA	SAMEDE S. C. L. GALEGA (C)	13.180	4,3	3,5	1.018
PEDROLAS AEROSTAR	CAROL SAT PEDROLAS (LU)	12.629	4,6	3,3	998
ABELEDO 70 APOLO	GANDERIA ABELEDO (C)	12.941	4,2	3,5	996
SANDRA ROCHA AMARETTO	GANDERIA ROCHA (C)	10.970	5,6	3,3	983
HENNIE 68	SAT VARELA (LU)	13.542	3,9	3,4	978
78389	GANDERIA VILAFERREIROS (C)	11.968	5,4	2,8	974
ANNA 564	GANDERIA CALDOSPIÑO (C)	15.376	3,1	3,3	972
PERVENCHE 6887	CARLOTA S. COOP. GALEGA (LU)	14.079	3,6	3,2	959
LOPEZ MARTA MTOTO	GANDERIA LOPEZ (C)	12.478	4,4	3,3	959
DINIE 319	SAT CALYO SEIJAS OINES ARZUA (C)	10.887	4,9	3,9	955
JOZEFINA 142 13	SAT VILA ALBORES (C)	11.509	5,0	3,3	955
EMMA 135 6110	GANDERIA RUBEN (LU)	11.362	5,1	3,3	952
GERDA 5 5603	GANDERIA TINO DE SER (C)	12.780	4,1	3,3	950
GRACE STORM	GANDERIA FERREIRO SILVA (C)	12.654	4,5	3,0	946
BETY LEIS LEE	GANDERIA A ARMADA S.C. (C)	12.586	4,5	3,0	944
LUISA STORM RUZO	GANDERIA RUZO (C)	11.819	4,9	3,1	941
ASUNCION RUDOLPH GEMITA	GANDERIA OS BARRAS (C)	12.223	4,5	3,1	937
83	GANDERIA PICHÍ (LU)	11.040	5,3	3,2	934
JIAN 38	GANDERIA JIAN (C)	11.064	4,8	3,6	930

### Vacas

Concédeselles este recoñecemento a aquelas vacas con dous ou máis partos, que na lactación finalizada no 2003 (305 días), acadasen 1.125 Kg. ou máis de Materia Útil, (equivalente a 16.300 Kg. Leite ao 3,7 de Graxa e 3,2 de Proteína).

Nome	Gandería (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg.MU
MARTINA DA ROCHA OITAVEN	GANDERIA ROCHA (C)	18.266	5,1	2,7	1.425
KATRIN INSPIRE 99	SAT CASA CARBALLO (LU)	16.729	5,2	2,9	1.359
MARLEEN THARLA 240	SAT CASA CARBALLO (LU)	16.473	5,0	2,9	1.292
OS LOUREIROS XARA PREL	OS LOUREIROS (C. POSE) (C)	17.013	4,5	3,1	1.280
RUTA ROCHA RUDOLPH	GANDERIA ROCHA (C)	17.004	4,6	2,9	1.270
GRANDECARMENSTORMCARLOTA	GAN. FERNANDO GONZALEZ (LU)	14.315	5,6	3,3	1.268
00970 PATOCA	GANDERIA RANCAÑO (C)	14.365	5,4	3,1	1.219
CALYO CALLISTO NEGRAZASAT	CALYO SEIJAS OINES ARZUA (C)	15.344	4,8	3,1	1.215
GISELA	SAT LODOS E PEREZ (LU)	13.438	5,6	3,4	1.209
IBIZA	GANDERIA FORCAO (LU)	17.782	3,9	2,9	1.209
BZ 9733 JANNEKE	SAT LAMELAS (LU)	14.752	5,0	3,1	1.197
FULERA	SAT GALAN (LU)	15.268	4,8	3,0	1.192
GRACOZA BLACK LUKE CHERRY ET	GANDERIA GRACOZA P-48 (LU)	16.925	4,0	3,1	1.190
SHOREMAR MATTIE JOY	GANDERIA A PARADA (LU)	15.788	4,1	3,4	1.188
VIEITES ROCHA RUDOLPH	GANDERIA VIEITES (C)	15.362	4,4	3,4	1.184
TINA DA ROCHA BORELINE	GANDERIA ROCHA (C)	16.267	4,4	2,9	1.181
CHEDA SONDA	SAT FINCA A CHEDA (C)	13.634	5,3	3,3	1.175
SIÑEIRO NEVADA RAMBO	GANDERIA SIÑEIRO (LU)	15.614	4,3	3,2	1.174
PELLUE 92	GALAN SAT (LU)	14.874	4,6	3,2	1.172
SAPROGAL GRETY CORNELI	SAPROGAL S.A. (C)	14.122	5,0	3,1	1.153
CAS DE PEDRO RUDOLPH CLAUDIA	GANDERIA CAS DE PEDRO (LU)	14.646	4,6	3,2	1.150
ILUSION DELTA LOPEZ	GANDERIA LOPEZ (C)	16.452	3,7	3,2	1.141
BEATRIX LINDY 82	SAT CASA CARBALLO (LU)	13.108	5,3	3,4	1.139
FLORES ULTRA MULATA	GAN. FLORES-FOLGUEIRA (LU)	14.386	5,0	2,9	1.135
MARLEEN 22	SAT CASA CARBALLO (LU)	13.553	5,1	3,3	1.135
GN TOURA HIGHLIGHT INFANTA	LANDEIRA S. C. G. (C)	14.013	5,0	3,1	1.134
CLEO 134 INDY ET	GANDERIA FORCAO (LU)	14.997	4,5	3,1	1.130

## Mellores descendencias de touros galegos 2003

Concédeselles este premio ás cinco primeirizas e ás cinco mellores vacas (dous ou máis partos), por Materia Útil, fillas de touros do Plan de Mellora Gandeira de Galicia (PMGG).

### Primeirizas

Nome	Pai	Gandería (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg MU
ABELEDO 70 APOLO	APOLO	GANDERIA ABELEDO (C)	12.941	4,2	3,5	996
JIAN 38	PAULUS	GANDERIA JIAN (C)	11.064	4,8	3,6	930
XACOB0 WIND N° 8451	WIND SULTAN	GANDERIA XACOB0 (C)	10.258	5,5	3,5	924
112 DIVINA DIRK VILOIRA	DIRK	GRANXA VILOIRA (LU)	15.529	3,1	2,8	916
PAZ BROCCOT SANSARA SUSI	BROCCOT	CASA DO CANTEIRO (LU)	13.656	3,4	3,3	914


### Vacas

Nome	Pai	Gandería (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg MU
MARTINA DA ROCHA OITAVEN	OITAVEN	GANDERIA ROCHA (C)	18.266	5,1	2,7	1.425
KATRIN INSPIRE 99	INSPIRE	SAT CASA CARBALLO (LU)	16.729	5,2	2,9	1.359
OS LOUREIROS XARA PREL	PREL	OS LOUREIROS (C. POSE) (C)	17.013	4,5	3,1	1.280
GISELA	BLAK	SAT LODOS E PEREZ (LU)	13.438	5,6	3,4	1.209
SAPROGAL GRETY CORNELIS	CORNELIS	SAPROGAL S.A. (C)	14.122	5,0	3,1	1.153

## Mellores Explotacións de Galicia 2003

Outórgase Título de Recoñecemento a todas aquelas explotacións que, -cun mínimo de 17 lactacións válidas finalizadas (normalizadas a 305 días)-, acadaron durante o ano 2003 unha media de Produción igual ou superior ós 759 Kg. de Materia Útil, (equivalente a 11.000 Kg. Leite ó 3,7% de Graxa e 3,2% de Proteína).

Gandería	Localidade (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg.MU
GANDERIA ROCHA	MONFERO (C)	11.956	4,8	2,9	918
SAT LODOS E PEREZ	PASTORIZA (LU)	11.421	4,5	3,1	867
GANDERIA CUBEBA	A BAÑA (C)	11.260	4,5	3,2	860
GANDERIA VIEITES	TRAZO (C)	12.202	3,8	3,2	853
FERNANDO GONZÁLEZ ALVAREZ	RIBADEO (LU)	11.541	4,3	3,1	849
SAT MENORA	COPEITO (LU)	10.723	4,8	3,1	845
GANDERIA CABO DE VILA	SAMOS (LU)	10.426	4,7	3,2	830
CASA LAMAS	CASTRO DE REI (LU)	11.574	3,9	3,3	829
GANDERIA NOVO	CASTRO DE REI (LU)	10.999	4,3	3,1	821
SAT CASA CARBALLO	POL (LU)	10.577	4,5	3,2	815
GANDERIA RUZO	VAL DO DUBRA (C)	10.968	4,1	3,2	801
GANDERIA CAS DE PEDRO	CARBALLEDO (LU)	10.570	4,4	3,2	800
SAT REY DE MIÑOFELO	A PASTORIZA (LU)	11.004	4,1	3,2	800
GANDERIA GARCIA	BARALLA (LU)	11.327	3,9	3,1	795
CASA DE BOGA	FRADES (C)	10.414	4,4	3,2	791
GANDERIA VARELA	CASTROVERDE (LU)	10.240	4,6	3,1	788
GANDERIA PERFECTO	DUMBRIA (C)	10.776	4,1	3,2	784
CASA DO CANTEIRO	CASTRO DE REI (LU)	10.269	4,4	3,3	782
SAT PEDROLAS	CASTROVERDE (LU)	10.259	4,4	3,2	782
CASA REIGADA	CASTRO DE REI (LU)	12.262	3,3	3,1	782
SAT VILA ALBORES	MAZARICOS (C)	10.087	4,6	3,2	780
GANDERIA FORCAO	OUTEIRO DE REI (LU)	11.199	3,9	3,0	780
SAT VILAR-ALAXE	CASTRO DE REI (LU)	10.274	4,5	3,1	779
SAT O FONDAL ABOI	FRADES (C)	10.616	4,1	3,2	775
GANDERIA PACHI	SARRIA (LU)	9.727	4,7	3,2	775
SAT VARELA	CASTRO DE REI (LU)	10.524	4,0	3,3	774
GALAN SAT	A PASTORIZA (LU)	10.755	4,1	3,1	774
A CAMPAZA, S.C.	CHANTADA (LU)	10.787	4,0	3,2	773
GANDERIA ABELEDO	CURTIS (C)	10.869	3,9	3,2	772
GANDERIA LOPEZ	VAL DO DUBRA (C)	10.282	4,2	3,3	771
CARBALLO REDONDO	MONFERO (C)	10.655	4,1	3,1	770
GANDERIA RANCAÑO	DUMBRIA (C)	10.306	4,4	3,1	769
GANDERIA RAXADO	TABOADA (LU)	9.769	4,7	3,1	768
GANDERIA A ARMADA, S.C.	NEGREIRA (C)	10.226	4,4	3,1	767
GANDERIA MANUEL GALLO	TRABADA (LU)	10.414	4,2	3,1	767
GANDERIA BOULLON	ROIS (C)	10.331	4,3	3,2	766
GANDERIA CASTRO	SARRIA (LU)	10.453	4,2	3,1	765
GANDERIA VILAFERREIROS	MAZARICOS (C)	10.067	4,6	3,0	765
GANDERIA GRACOZA P-48	COPEITO (LU)	11.379	3,5	3,2	765
GANDERIA COBELO	A PASTORIZA (LU)	10.583	4,0	3,3	765
MANUEL FERNÁNDEZ PEREIRAS	SILLEDA (PO)	10.831	3,8	3,3	764
OS LOUREIROS (CELESTINO POSE)	VIMIANZO (C)	10.089	4,3	3,3	763
OUTEIRO, C.B.	CHANTADA (LU)	11.542	3,5	3,1	763
GANDERIA DA COSTA	CASTRO DE REY (LU)	11.072	3,7	3,2	763
LANDEIRA SOC. COOP. GALEGA	NEGREIRA (C)	10.316	4,2	3,1	761
GANDERIA VILARIÑO	CHANTADA (LU)	10.144	4,3	3,2	760
GANDERIA SAAVEDRA Y CASTRO	PARADELA (LU)	10.144	4,3	3,2	760
SAT LAMELAS	POL (LU)	10.140	4,4	3,1	759
SAT GRANXA VILA	MIÑO (C)	10.413	4,0	3,3	759



## Mellores Producións Vitalicias de Galicia 2003

Dada a importancia que ten para os gandeiros, -en todos os aspectos-, a lonxevidade das súas reproductoras, concédeselles Título de Recoñecemento a todas aquelas femias que, finalizando a súa lactación no 2003, acadasen ó longo da súa vida unha produción de Leite igual ou superior ós 90.000 Kg.

Nome	Gandería (Provincia)	Lact.	Leite	%G.	%P.
146	GANDERIA CUBEBA (C)	8 l.	110.623	4,3	3,1
COREN MARISTA	COOPERATIVA DE ANTELANA (OU)	8 l.	107.383	3,1	2,9
AEROSTAR LOTTE	GANDERIA PENA (LU)	8 l.	106.847	3,7	3,2
MAPA 12	GANDERIA PORTO DA PENA (C)	10 l.	106.282	3,2	2,9
CURNI	GANDERIA CASIMOURE (LU)	8 l.	105.852	3,1	3,2
CAREN	GANDERIA CAAMAÑO (C)	7 l.	104.806	4,1	3,1
GOLONDRIÑA	GANDERIA ABELARDO CUADRADO (LU)	9 l.	104.384	3,6	3,1
IBIZA	GANDERIA FORCAO (LU)	7 l.	103.936	3,8	3,0
SEIJO GRAND ALCOBA	SAT GANDERIA SEIJO (LU)	7 l.	103.312	3,7	3,2
35	S.A.T. VILAR-ALAXE (LU)	9 l.	102.186	4,2	3,1
ERINA	GANDERIA ABELEDO (C)	10 l.	101.686	3,5	3,3
SARAY STARBUCK PRIZE	GRANXA ARAN (C)	10 l.	101.007	3,6	3,3
NORA 173	GANDERIA CALDOSPINO (C)	7 l.	99.908	3,8	3,3
GIRAFÁ WILLOW	GANDERIA FORCAO (LU)	8 l.	99.873	3,7	2,8
BARBY CQ QUINTAS A DEXTER	COOPERATIVA DE QUINTAS (C)	9 l.	98.713	3,3	3,2
CUARENTA CINCO	GANDERIA PRADEIRA (C)	8 l.	97.712	3,1	2,9
ERBIN	GANDERIA CID C.B. (LU)	8 l.	97.708	4,0	3,2
ADELE	GANDERIA REGUEIRO (C)	10 l.	96.952	3,2	3,1
BELINDA	GANDERIA CARLOS IGLESIAS (LU)	7 l.	96.777	3,7	2,8
SAJONIA CARRETERA REGIDOR	GANDERIA LA CARRETERA (LU)	10 l.	96.606	3,3	2,9
LINDA	GANDERIA DOCAMPO SAT (C)	8 l.	96.315	3,7	3,1
CHOUSA VALIANT DAN MARIA	GANDERIA A CHOUSA, S.L. (LU)	7 l.	96.087	3,1	3,0
MONIKA CHIEF MARK	GANDERIA OS CASTROS (C)	9 l.	96.064	3,4	2,9
GN ECLIPSE BLAKEY	LANDEIRA SOC. COOP. GALEGA (C)	9 l.	95.969	3,7	2,9
KANTINE	GANDERIA RAMOS (C)	9 l.	95.944	4,0	3,3
MANDEO 171	GANDERIA MANDEO (C)	12 l.	95.847	3,3	3,1
MARIPILI	S.A.T. RAMA ANDRADE (C)	9 l.	94.606	3,0	2,9
ALASKA	VILLAMEITIDE S.L. (LU)	8 l.	94.403	4,0	2,9
FRIESIA	GANDERIA CEBREIRO (C)	8 l.	93.069	3,8	3,1
GOLDCHEN	FINCA LA ASUNCION (C)	7 l.	92.811	3,7	3,2
STAR	CASA REBOLO, S.C. (LU)	8 l.	92.747	4,7	3,3
PINTA	GANDERIA GONZALEZ (C)	10 l.	92.471	3,6	3,0
NAR-XOSE SULTAN DUTTI	NAR-XOSE SOC. COOP. GALEGA (LU)	8 l.	92.399	3,3	2,9
SENRA DINASTY LOLITA	S.A.T. VILLAMAYOR DE NEGRAL (LU)	9 l.	92.172	3,9	3,1
BLANI MARQUESA OAK	GANDERIA FUENTES LENS (C)	11 l.	91.014	4,2	2,9

# programa de actividades

Silleda, do 12 ao 16 de maio de 2004

- |                           |                    |  |
|---------------------------|--------------------|--|
| <b><u>Martes 11</u></b>   | de 10.00 a 22.00   | • Entrada de gando.  |
| <b><u>Mércores 12</u></b> | de 10.00 a 20.00   | • Exposición dos animais.  |
|                           | ás 12:00           | • Inauguración oficial Semana Verde '04.   |
| <b><u>Xoves 13</u></b>    | de 10.00 a 20.00   | • Exposición.  |
| <b><u>Venres 14</u></b>   | de 10.00 a 14.00   | • Xulgamento das tenreiras e xovencas.   |
|                           | de 18.00 a 20.00   | • XX Concurso de Xóvenes Manexadores.  |
| <b><u>Sábado 15</u></b>   | de 10.00 a 14.00   | • Xulgamento das vacas en lactación, campionatos e grupos.                               |
|                           | de 17.30 a 20.00   | • VIII Subhasta TOP-BOS.   |
|                           |                    | • VI Subhasta Elite Semana Verde.  |
|                           | ás 21:00           | • Recepción Oficial a gandeiros e autoridades.   |
|                           |                    | • Entrega de placas ás mellores ganderías e entrega de premios dos diferentes concursos. |
| <b><u>Domingo 16</u></b>  | de 10:00 a 20.00   | • Exposición dos animais.  |
|                           | ás 18:00           | • Desfile de campionas no Ring Principal   |
|                           | a partir das 20.00 | • Saída de gando.  |

## REGULAMENTO

Organizado pola Federación Frisona Galega (Fefriga) e a Fundación Semana Verde de Galicia, coa colaboración das Africores e da Consellería de Política Agroalimentaria, celebrarase o XXVI Concurso Internacional de Frisón "Semana Verde 2004" e o XIII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2004", xuzgados por D. Kent Empey, xuíz internacional da Holstein Association of Canada, durante os días 12 ó 16 de maio, nas instalacións do recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

## PARTICIPACIÓN

Poderán participar neste Certame todas as explotacións con animais que estean inscritos no *Libro Xenealóxico da Raza Frisona*, enviando a correspondente solicitude á FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA ou FEDERACION FRISONA GALEGA.

O prazo de admisión de solicitudes rematará o día 12 de abril 2004.

## CONDICIÓN XERAIS

O gando concursante procederá de explotacións inscritas no *Libro Xenealóxico da Raza Frisona*.

Para os efectos do Concurso autonómico só poderán participar animais nados en Galicia e propiedade de ganderías galegas.

En todo caso, será condición indispensable que todos os animais concursantes estean inscritos no Rexistro Xenealóxico da Raza Frisona a nome da gandería que os presenta, o cal acreditarase coas correspondentes Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro.

Como data de referencia para o encadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día 31 de maio de 2004.

## CONDICIÓN SANITARIAS

As condicións de índole sanitaria esixidas ás explotacións e ós animais para ser admitidos ó Recinto do certame, son as seguintes:

### Explotacións

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para os animais que concorreran ó evento. Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

### Animais

Só poderán concorrir ó evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa.

Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen nesta deberán cumprir os seguintes requisitos:

Os maiores de 6 semanas de idade terán que ter dado resultado negativo a unha proba de diagnóstico da tuberculose segundo o anexo I do R.D. 2611/96, modificado polo R.D. 1047/2003.

Os maiores de 12 meses terán que ter presentado un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da brucelose bovina de acordo co anexo II do R.D. 2611/96, modificado polo R.D. 1047/2003.

Os animais terán que ter dado un resultado favorable a unha das probas de detección da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D. 2611/96, modificado polo R.D. 1047/2003. Esta proba non será necesaria no



## REGULAMENTO

caso de proceder dun territorio, rexión ou Estado indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

Terán que ter resultado negativos á proba serolóxica fronte ó antíxeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE).

Ademais destes requisitos, cando procedan de estados membros da Unión Europea (incluída España), cumprirán as condicións sanitarias establecidas no R.D. 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina.

### TRANSPORTE DE GANDO

Co fin de cubrir os gastos orixinados polo transporte de gando, a organización axudará nas contías que a continuación se indican:

Animais procedentes de Galicia:

Aboaranse as facturas de transporte tralo comunicado do servizo á organización. Para tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas, debendo respectarse estas. En caso contrario, se aplicaranse as axudas estipuladas para gandeiros doutras comunidades de España.

Para animais procedentes doutras comunidades de España:

Compensarase o custo do transporte sempre que non supere a cantidade de 0,30 € por vaca ou de 0,12 € por xovenca ou terneira respectivamente, e quilómetro de distancia percorrido entre a gandería de orixe e o recinto ferial, computándose só a ida.

É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estean debidamente desinfectados e que o xustificuen co correspondente talón de desinfección.

### Entrada de gando

A entrada do gando realizarase entre as 8.00 e as 20.00 horas do día 11 de maio.

A autorización de entrada do gando nas naves realizarase trala presentación e comprobación da documentación sanitaria e xenealóxica esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, **obrigatoriamente**, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área de Concurso; aqueles animais que non cumpran con estes requisitos perderán o seu dereito a participar, así como todas as axudas ás que, como gando concursante, teñan dereito.

### SEGURO

A feira proverá os animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

A valoración dos animais réxese polo seguinte baremo:

Terneiras menores de 1 ano	1.200 €
Xovencas de 12 a 18 meses	1.500 €
Xovencas de máis de 18 meses	1.800 €
Vacas de máis de 2 anos	2.400 €
Vacas cualificadas MB ou máis	3.900 €


### PRESENTACIÓN DE ANIMAIS EN PISTA

Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista ir uniformados con **camisa e pantalón branco**.

## Premio Especial Fefriga '2004'



Xovenca Gran Campiona  
BOS MERRILL CURUXA MB-87 (2p)  
X PURSUIT SEPTEMBER STORM



Vaca Gran Campiona  
BOS PROGRESS TESTA MB-86 (1p)  
X COMESTAR STORMATIC



Mellor Criador  
BOS CONVINCER DIXI MB-86 (1p)  
X HIDDEN-VIEW BEST TV



## AXUDAS

O MAPA subvencionará a participación con 36,06 € por animal presentado (só nacionais).

## INCENTIVOS

### Fotográficos

Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán fotografados gratuitamente polo fotógrafo oficial do concurso.

Todas as ganderías concursantes con 4 ou máis animais terán dereito a unha fotografía de 30 x 40 grauíta dun dos animais presentados (será o propio gandeiro quen lle indique ó fotógrafo de que animal fotografado desexa a ampliación).

### Xenéticos

XENÉTICA FONTAO obsequiará a todas as ganderías participantes coas seguintes doses seminais:

Un ou dous animais presentados:

- 2 doses de Edxemont Wade 2365 SIX
- 3 ou máis animais presentados:
- 2 doses de Bos Rudolph LANDOI
- 2 doses de Bos Magley CADOS
- 2 doses de Bos Storm ZARZO

A FEDERACIÓN FRISONA GALEGA e a CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL sortearán entre as ganderías concursantes

2 EMBRIÓNS de Bos Convincer DIXIET MB86 (1ºp), filla de BRAEDALE GYPSY GRAND MB-88 CAN 27\* con HIDDEN-VIEW BEST.

Os boletos para o devandito sorteo serán asignados a razón de un por cada terneira ou xovenca presentada a concurso e dous por cada vaca.

## PREMIOS, TROFEOS e TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os diplomas, trofeos, escarapelas e estandartes que se mencionan nas diferentes seccións do programa, destinándose a premios unha cantidade de 9.150 € para o Concurso Autonómico da Raza Frisona "FEFRIGA '04" e de 21.000 € para o Concurso Internacional de Frisón "Semana Verde", distribuídas con base no seguinte baremo:

## Seccións

Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados e os premios en metálico seguintes:

	Xovenças		Vacas	
	Autonómico	Internacional	Autonómico	Internacional
1ª	75€	100€	150€	200€
2ª	60€	80€	120€	160€
3ª	45€	60€	90€	120€
4ª	30€	40€	60€	80€
5ª	15€	20€	30€	40€

## Campionatos

Estandarte e os premios en metálico seguintes:

	Autonómico	Internacional
Campiona	250€	600€
Subcampiona	200 €	300 €

## Grandes Campionatos

Estandarte, trofeo e un premio en metálico dotado con:

	Autonómico	Internacional
Xovenca Gran Campiona	500 €	1.500 €
Vaca Gran Campiona	1.000 €	6.000 €

## Premio Especial Fefriga '2004'

A Federación Frisona Galega premiará cun LOTE de dous EMBRIÓNS da UTE BOS as ganderías que, cos seus exemplares, consigan os títulos seguintes:

Xovenca Gran Campiona

BOS MERRILL CURUXA MB-87 (2p)

X PURSUIT SEPTEMBER STORM

Vaca Gran Campiona

BOS PROGRESS TESTA MB-86 (1p)

X COMESTAR STORMATIC

Mellor Criador

BOS CONVINCER DIXI MB-86 (1p)

X HIDDEN-VIEW BEST TV

## Mellor Manexador

Concederese este título ó manexador que ó longo de todo o certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

### Sec. 1 TERNEIRAS DE 6 A 9 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de agosto de 2003 e o 30 de novembro de 2003.

### Sec. 2 TERNEIRAS DE 10 A 12 MESES

Femias nadas entre o día 1 de maio e o 31 de xullo de 2003.

### Sec. 3 TERNEIRAS DE 13 A 15 MESES

Femias nadas entre o día 1 de febreiro e o 30 de abril de 2003.

### Sec. 4 XOVENCAS DE 16 A 20 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de setembro de 2002 e o 31 de xaneiro de 2003.

### Sec. 5 XOVENCAS DE 21 A 24 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de maio e o 31 de agosto de 2002.

### Sec. 6 XOVENCAS DE 25 A 28 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril de 2002.

### Sec. 7 BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas súas seccións 1ª, 2ª e 3ª. Concederáse o título de BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

### Sec. 8 XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas súas seccións 4ª, 5ª e 6ª. Concederáse o título de XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

### Sec. 9 XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a BECERRA CAMPIONA (7) e a XOVENCA CAMPIONA (8). Outorgarase o premio único de XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

### Sec. 10 TERNEIRA CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 1ª, 2ª e 3ª. Concederanse os títulos de TERNEIRA CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

### Sec. 11 XOVENCA CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 4ª, 5ª e 6ª. Concederanse os títulos de XOVENCA CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

### Sec. 12 XOVENCA GRAN

#### CAMPIONA INTERNACIONAL

Competirá a TERNEIRA CAMPIONA (10) e a XOVENCA CAMPIONA (11). Outorgarase o premio único de XOVENCA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

### Sec. 13 VACA XOVEN LACTACIÓN ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de novembro do 2001, inclusive.

### Sec. 14 VACA XOVEN LACTACIÓN DE 30 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de maio e o 31 de outubro de 2001.

### Sec. 15 VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de maio de 2000 e o 30 de abril de 2001.

### Sec. 16 VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de maio de 1999 e o 30 de abril de 2000.

### Sec. 17 VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de maio de 1998 e o 30 de abril de 1999.

### Sec. 18 VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son as femias en lactación, nadas antes do 1 de maio de 1998.

### Sec. 19 VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

### Sec. 20 VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

### Sec. 21 VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos, clasificadas nas seccións 17ª e 18ª. Concederanse



os títulos de VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

#### **Sec. 22 VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA**

Competirá a primeira clasificada nas seccións 19ª, 20ª e 21ª, outorgándose un premio único de VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

#### **SEC. 23 VACA NOVA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas sec. 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de VACA XOVE CAMPIONA e SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA V. 2004".

#### **Sec. 24 VACA INTERMEDIA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de VACA INTERMEDIA CAMPIONA e VACA INTERMEDIA SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 25 VACA ADULTA CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirán as dúas primeiras clasificadas nas seccións 17ª e 18ª. Concederanse os títulos de VACA ADULTA CAMPIONA e VACA ADULTA SUBCAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 26 VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL**

Competirá a primeira clasificada nas seccións 23ª, 24ª e 25ª. Outorgarase o título único de VACA GRAN CAMPIONA INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 27 MELLOR UBRE DE GALICIA**

Competirán as femias en lactación de calquera idade nadas en Galicia e propiedade de gandeiros galegos. Concederanse os títulos de MELLOR UBRE e SEGUNDO UBRE DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

#### **Sec. 28 MELLOR UBRE INTERNACIONAL**

Competirán femias en lactación de calquera idade e orixe. Concederanse os títulos de MELLOR UBRE e SEGUNDO UBRE INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 29 MELLOR DESCENDENCIA DE VACA**

Competirán grupos de dúas fillas dunha mesma vaca, aínda que cada filla sexa de distintos propietarios. Concederanse os títulos de MELLOR DESCENDENCIA DE VACA e SEGUNDA DESCENDENCIA DE VACA "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 30 MELLOR CRIADOR DE GALICIA**

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

#### **Sec. 31 MELLOR CRIADOR INTERNACIONAL**

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

#### **Sec. 32 MELLOR RABAÑO DE GALICIA**

Competirán grupos de tres femias nadas en Galicia e propiedade dunha mesma gandería de Galicia. Concederanse os títulos de MELLOR RABAÑO e SEGUNDO RABAÑO DE GALICIA "FEFRIGA 2004".

#### **Sec. 33 MELLOR RABAÑO INTERNACIONAL**

Competirán grupos de tres femias propiedade dun mesmo gandeiro. Concederanse os títulos de MELLOR RABAÑO e SEGUNDO RABAÑO INTERNACIONAL "SEMANA VERDE 2004".

## manexadores



Este concurso consiste en que os participantes demostren a súa habilidade na presentación de animais en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ó máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

O bo manexador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, e ó mesmo tempo minimizar os posibles defectos que éste poida presentar. Os fins perseguidos con este concurso son:

- Animar ós mozos a participar, desde idade temperá, nas tarefas de selección e mellora da gandería.
- Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente ten sido menosprezado na nosa sociedade.
- Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e subastas no futuro como medio imprescindible para a promoción e rendibilidade das explotacións gandeiras.

### CONDICIÓN XERAIS

Poden participar neste concurso todos aqueles mozos que o desexen e a súa idade non exceda de 21 anos, inclusive.

- Categoría INFANTIL rapaces menores de 15 anos.
- Categoría JUNIOR rapaces con idades comprendidas entre os 15 e os 21 anos.

### SECCIÓNS

#### INFANTIS

**Sección 1ª:** Nela participarán rapaces menores de 9 anos.

**Sección 2ª:** Inclúe a rapaces con idades comprendidas entre os 9 e os 11, inclusive.

**Sección 3ª:** Os participantes na mesma terán unha idade comprendida entre 12 e 14 anos, inclusive.

**Sección 4ª:** Competirán os 2 primeiros clasificados nas seccións 1ª, 2ª e 3ª e concederanse os títulos de Mellor Manexador Infantil Semana Verde 2004 e 2º Manexador Infantil Semana Verde 2004.

#### JUNIORS

**Sección 5ª:** Competirán mozos con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos, inclusive.

**Sección 6ª:** Competirán nesta sección aqueles mozos cunha idade comprendida entre os 18 e os 21 anos, inclusive.

**Sección 7ª:** Competirán polo título de Mellor Xoven Manexador e 2º Xoven Manexador Semana Verde 2004, os dous primeiros clasificados nas seccións 5ª e 6ª.

#### PREMIOS

Outorgaranse escarapelas ós 10 primeiros clasificados de cada sección.

Concederanselles trofeos ós Campións e Subcampións Infantis e Juniors.

Os 6 primeiros clasificados como Mellor Manexador Infantil Semana Verde 2004, Sección 4, serán premiados con:

1º Clasificado Campión INFANTIL

- Tarxeta regalo de 300 €

2º Clasificado Subcampión INFANTIL

- Tarxeta regalo de 200 €

Resto de Clasificados

- Tarxeta regalo de 100 €

Os 4 primeiros clasificados como Mellor Xoven Manexador Semana Verde 2004, sección 7, serán premiados con:

1º Clasificado Campión JUNIOR

- Tarxeta regalo de 400 €

2º Clasificado Subcampión JUNIOR

- Tarxeta regalo de 300 €

Resto de Clasificados

- Tarxeta regalo de 100 €

\*Tarxetas para compra de material escolar ou deportivo no Corte Inglés

*Todos os operadores da produción e da transformación se verán afectados.*

## Regulada a xestión e control do réxime da taxa láctea

Segundo se desprende dos contidos do Real decreto de data 23/02/04, polo que establece o regulamento do réxime da taxa láctea, tanto no relativo ás declaracións, acreditacións ou autorizacións para primeiros compradores, como ás facturacións, retencións a conta ou liquidacións; terá unha incidencia directa sobre todos os operadores que interveñen tanto no proceso de produción como no de transformación do leite.

Esta nova organización, que entrará en vigor na vindeira campaña 2004/05, parte da necesidade de coñecer con detalle a orixe de todo o leite producido e comercializado mediante a documentación de todas as transaccións comerciais por parte dos operadores do sector, para conseguir a xusta repercusión nos responsables da taxa por superación da cantidade global asignada a España.

Para acadar esa transparencia do mercado, a nova normativa introduce a obriga de realizar declaracións mensuais, a partir de explotacións de dimensións determinadas, que se suman ás xa previstas na normativa comunitaria, de carácter anual.

Para os produtores e primeiros compradores establécese a necesidade de levar a xestión contable e a facturación de todas as operacións realizadas, conservando a documentación comercial de cada campaña, durante, polo menos, un período de tres anos.

Do mesmo xeito os industriais, transportistas e demais operadores do sector, deberán contar coa documentación de todas as transaccións, de forma que se asegure o completo seguimento de todo o leite producido e comercializado en España, seguimento que se cobre co contemporado na normativa sobre trazabilidade no sector lácteo.

Ao final de cada período de taxa láctea, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) compensará ós



produtores, cuxas entregas tiveran sobrepasado a súa cantidade de referencia individual, coa parte non utilizada polos restantes produtores e coas cantidades dispoñibles da reserva nacional. Así, o pagamento da taxa por superación da cota modularase conforme ó sistema de compensación única, atendendo exclusivamente ó sobrepasamento efectivo, co obxecto de asegurar un trato equitativo a todos os produtores, tendo en conta para o cálculo da compensación, o volume da superación efectiva e a porcentaxe de rebasamento sobre a cota.

Establécese o pagamento do leite durante o mes seguinte ó que se entrega o leite, sendo a forma de pago mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo cruzado, con facturas que detallen cada unha das entregas, así como NIF e N° de identificación do comprador autorizado de leite (NICAL) de comprador, o detalle diario das entregas en cantidade e contido graxo, prezos das bonificacións ou penalizacións, así como retencións e impostos aplicados.

Con cada entrega de leite, o produtor deberá recibir do comprador un comprobante no que se identifique o produtor e a explotación, que inclúa o NIF e NICAL do comprador, a identificación do vehículo ou o tanque, a data e hora da entrega, a cantidade de leite entregada e a constancia de ter tomado mostras para a súa análise.



## O touro Bos Rudolf Landoi ET, entre os 100 mellores USA

O touro galego BOS RUDOLPH LANDOI ET, fillo de BOS MERRILL CURUXA ET MB-87, quedou clasificado entre os 100 mellores exemplares pola TPI da última proba da Asociación Holstein de Estados Unidos. Esta lista elaborase coas probas nacionais de EE.UU. de febreiro de 2004 e as probas MACE de Interbull de febreiro de 2004; esixindo un 80% de fiabilidade en produción na escala de EE.UU. e un 75% de fiabilidade nalgún dos países incluídos nas probas MACE. A inclusión de BOS RUDOLPH LANDOI ET, nado en 1988, na citada lista destaca por ser a primeira vez que se incorpora a esta un touro dun programa de testaxe español.

BOS MERRILL CURUXA ET MB-87 é unha vaca doadora de embrións da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (UTE-BOS). É un animal nado o 10/12/1995 cunha produción vitalicia de 47.490 kg/leite, ao 3.65% de graxa e 3.04 de proteína. Este animal pertence á famosa familia de BSTAR MIRAGE, e completa a cuarta xeración de MB con animais no seu pedigree como:

- WILL-BRUST BSTAR MIRAGE MB-88-3A-USA
- WILL-BRUST PARADOCREX MIRAGE MB-86-2A-USA
- CRESCENTMEAD MIRAGE ET MB-86-3A-USA DOM.

Esta vaca e nai dos touros:

- BOS RUDOLPH SAMBREIXO MB
- BOS CAS PEDRO STORM MIRA ET MB

e das vacas:

- BOS CANEDA NAOMI STORM ET MB-89 (2p)
- BOS CAS PEDRO STORM CASANDRA ET MB-85 (2p)

Na actualidade están dispoñibles embrións na páxina web de FEFRIGA, [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com).



## Tratamento e protección de datos dos socios de fefriga

A Federación Frisona Galega (FEFRIGA), de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro (B.O.E. de data 14/12/1999) referida á Protección de Datos de carácter persoal, infórmao de que os seus datos persoais se atópan informatizados nun ficheiro do que é titular a Federación Frisona Galega. O devandito ficheiro figura debidamente inscrito na Agencia de Protección de Datos co código N° 2031960085.

De conformidade ca citada Lei, FEFRIGA está obrigada a gardalos coa máis estricta confidencialidade. Respecto ós citados datos, o socio poderá exercitá-los dereitos de acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na indicada Lei Orgánica 15/1999, dirixíndose por escrito á Federación Frisona Galega, Rúa Melide, 25-27, baixo-15704, Santiago de Compostela. FEFRIGA da por suposto o consentimento do socio para inclusión dos seus datos nun ficheiro informático, así como a comunicación de calquera actualización destes.

Finalmente, e para manter unha axeitada prestación do servizo, FEFRIGA poderá cedelos datos relativos a súa persoa, empresa ou entidade a empresas externas coas que ten asinado o correspondente Contrato de Tratamento de Datos.

## Insignia de ouro de Fefriga

A Xunta Directiva da Federación Frisona Galega na súa reunión do 16 de marzo de 2004 acordou por unanimidade conceder a Insignia de Ouro da Federación a Don Antonio Fernández Fernández polo traballo e dedicación dos que fixo gala para a posta en funcionamento de FEFRIGA e da U.T.E, de Bos. A imposición desta insignia terá lugar o vindeiro 15 de maio ao finalizar os xulgamentos dos concursos Autonómico e Internacional da Raza Frisona.



## BOS ASTRE BAIÑA EX-90

BOSASTRE BAIÑA acaba de ser elexida Mellor Vaca do ano 2003 segundo o resultado dunha enquisa feita entre os lectores da revista Frisona Española e os internautas da páxina web [www.revistafrisona.com](http://www.revistafrisona.com).

No balanço final BAIÑA impúxose cun 34,8% dos votos fronte a competidoras coma TRAVESIA JAMES ELSA, BADIOLA LEDUC MEGATE I ET, BAMBI, LENGUSUEK STORM ODEIA ou BENERA PERLA JED, vacas campiónas dos concursos de Primavera e Outono de Conafe.

BOS ASTRE BAIÑA, animal procedente do PIMX e nada na UTE-BOS, foi adquirida na I Subhasta TOP-BOS.

Dende FEFRIGA os nosos parabéns á súa propietaria, Dna. Marina Mosquera.

## Aprazamento da aplicación da nova normativa do libro xenealóxico

A Xunta Directiva de Conafe na súa reunión do pasado día 21 de outubro de 2003, aprobou os cambios normativos con respecto da inscrición no Libro Xenealóxico de Animais de Rexistro Auxiliar Categoría A (ver Novas en Branco e Negro de Decembro). Con posterioridade e a petición de varias Asociacións e Federacións Autonómicas, na súa reunión do día 24 de febreiro de 2004, acordouse o seguinte:

- 1) Aprazar ata o 1 de xaneiro de 2005 a aplicación da nova normativa así como, das cotas que nela se establecen.
- 2) Permitir ás ganderías de nova incorporación, e no momento no que efectúe a súa alta como socio, a inscrición de todos os seus animais de Raza Frisona, sen ter en conta a porcentaxe de animais de Rexistro Auxiliar Categoría A que teñan. Unha vez que se teña producido a alta, aplicaráselles a mesma normativa que ao resto dos socios.

## Escola de xuíces '04

Un ano máis, co animo de seguir mellorando no coñecemento da morfoloxía da Raza Frisona organizamos a Escola de xuíces.

Este ano farémolo os días 28, 29 e 30 de xullo en varias ganderías da provincia de Pontevedra.

Se estás interesado, ponte en contacto coa Federación ou en [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com).

## Axenda

**Do 3 ao 4 de Abril**

**XVII Concurso da raza frisona Moexmu 04.**

**Os días 28, 29 e 30 de xullo**

**Escola de xuíces. Provincia de Pontevedra.**

**Do 30/9/04 ao 3/10/04**

**•XXVI Concurso Nacional de Outono Conafe 04.**



**As vacas de BOS comen piensos...**

**NUDESA**



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

*Tfno.: 986 58 12 00*